

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA 8 DE NOVEMBRO DE 2024-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día 8 de novembro de dous mil vinte e catro ; as nove horas e corenta e cinco minutos xuntase os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data Alcalde Don César Fernández Gil concelleiros/as: don Miguel García Domínguez, dona Yolanda Gómez Gómez, dona Mariluz Expósito Pérez.

Está presente o Secretario do Concello, Francisco Fernández Castro.
Está presente o Interventor do Concello, D Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior de 29 de outubro de 2024..

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.

3 ESCRITOS DOS SEÑORES CIADANS.-

Solicitud de don Antonio García Aliende Rodríguez, con rexistro de entrada no concello 7082 de 7 de novembro de 2024, no que expón :

Que habiéndose incinerado el cadáver de doña +++++ el día 7 de noviembre de 2024.
Solicita:

Tengan a bien ceder un lugar en el cementerio municipal para proceder a la inhumación de las cenizas del citado finado.

A xunta de goberno acorda acceder ao solicitado, debendo efectuar a inscrición no libro rexistro do cemiterio municipal e abonar a taxa correspondente.

4 CUESTIÓN ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.

CERTIFICACIÓN N° 1-Final DA OBRA DENOMINADA - DEMOLICIÓN DOS CONTENEDORES SOTERRADOS E URBANIZACIÓN NAS RÚAS EMILIA PARDO BAZÁN, SALGADO MOSCOSO, TRAVESÍA DO RIBEIRO E CRUCE RÚA DO RIBEIRO EN RIBADAVIA

Dase conta á Xunta de Goberno Local da certificación n° 1- Final da obra denominada “DEMOLICIÓN DOS CONTENEDORES SOTERRADOS E URBANIZACIÓN NAS RÚAS EMILIA PARDO BAZÁN, SALGADO MOSCOSO, TRAVESÍA DO RIBEIRO E CRUCE RÚA DO RIBEIRO EN RIBADAVIA ”,

redactada pola Técnico Director da Obra Don Enrique Otero González, executado pola empresa Yonatan González Rodríguez, por un importe total de 45,229,10 euros.

A Xunta de Goberno Local deliberado sobre o particular adopta por unanimidade os seguintes acordos:

1. Aprobar a certificación nº 1- Final, anteriormente indicada por importe de 45,229,10 euros, aboamento que se fará con cargo ás aportacións da Deputación Provincial de Ourense.

2.- Aprobar a factura emitida por Yonatan González Rodríguez co nº 32/2024 de data 21.10.2024, pola mesma cantidade.

3.- Que se cumpriu a finalidade para a que se asignaron os fondos.

4.- Que se tome razón na contabilidade do gasto correspondente ao investimento realizado.

APROBACION DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCION CONCEDIDA POLA CONSELLERIA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE PARA VOLUNTARIADO XUVENIL.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación a conta xustificativa da subvención concedida a esta entidade para o voluntariado xuvenil ao abeiro da Orde do 8 de xullo de 2024 pola que se regulan as bases que rexerán a concesión das subvencións ás entidades de acción voluntaria e entidades locais enmarcadas no programa Servizo de voluntariado xuvenil, e que de seguido transcríbese:

1º Aprobacion da conta xustificativa que se relaciona:

Nº factura	Concepto de la factura	Acreedor	Importe	Emisión	Reconocimiento de la obligación	Fecha de pago
1	Seguro accidentes	Occidente: Ruben Blanco Amil	237,07 €	03/07/2024	11/07/2024	11/07/2024
2	Seguro Responsabilidad Civil	Occidente: Ruben Blanco Amil	254,73 €	01/07/2024	12/07/2024	12/07/2024
3	Tasa Depósito Experiencias	Consellería de Facenda	25,68 €	14/10/2024	14/10/2024	14/10/2024
4	Pago dietas x 8 personas voluntarias	Concello de Ribadavia	2.880,00 €	04/10/2024	05/11/2024	05/11/2024
5	Gastos Correntes para Ribahortiña	Oscar Carlón Armada	695,75 €	28/10/2024	30/10/2024	30/10/2024
6	Gastos Correntes: %	Concello de	706,77 €	29/09/2024	30/09/2024	30/09/2024

nómina coordinador mes septembro	Ribadavia				
--	-----------	--	--	--	--

2º.- Que se cumpriu a finalidade da subvención.

APROBACION DE CONTA XUSTIFICATIVA RELATIVA A SUBVENCION DO AGADIC PARA A MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO 2024.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, en relación a subvención concedida a esta entidade ao abeiro do Convenio de colaboración entre a Axencia Galega das Industrias Culturais e o Concello de Ribadavia para o desenvolvemento da corenta edición da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia 2024, presta aprobación a conta xustificativa que de adxunta o presente acordo, así como tamen tomase coñecemento de que se cumpriu a finalidade para a cal foi concedida a subvención e se tomou razón en contabilidade.

APROBACIÓN DE FACTURAS.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación as seguintes facturas relativas a subvención concedida o abeiro da Orde de 9 de xullo de 2024 para o impulso dunha rede de mercados excelentes de Galicia e a dinamización e revitalización das prazas de abastos:

- Factura núm. 13 de data 07.10.2024 de Rural Consulting S.L. para Diagnose de situación e usos do mercado de Ribadavia, por importe de 12.100 euros.
- Factura núm. F08-2024 de data 07.10.2024 de Coto Consulting S.L. para Mentoring da Praza de Abastos de Ribadavia, por importe de 2.800 euros.
- Factura núm. 98 de data 06.10.2024 de Blancotouza arquitectos S.L.P para Redacción de Anteproxecto para reforma da Praza de Abastos derivada de situación e usos do mercado de Ribadavia, por importe de 12.900 euros.

E sendo as dez horas e cinco minutos da mañá a presidencia levanta a sesión.